



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO INSTITUTO UNIVERSITARIO DE INVESTIGACIÓN XUSTIZA E XÉNERO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Í N D I C E

PREÁMBULO	72
TÍTULO I. NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO, OBXECTIVOS E FUNCÍONS	74
Artigo 1. Natureza e constitución	74
Artigo 2. Réxime xurídico	74
Artigo 3. Obxectivos	75
Artigo 4. Funcíons	76
TÍTULO II. PERSOAS INTEGRANTES E COLABORADORAS DO INSTITUTO	77
Capítulo 1. Composición	77
Artigo 5. Persoas integrantes do Instituto	77
Artigo 6. Persoas honorarias	77
Artigo 7. Persoas colaboradoras externas	78
Artigo 8. Entidades colaboradoras	78
Capítulo 2. Incorporación e cesamento do persoal investigador	78
Artigo 9. Procedemento de incorporación de integrantes	78
Artigo 10. Condicións de incorporación do persoal investigador	79
Artigo 11. Cesamento do persoal investigador	79
Capítulo 3. Dereitos e deberes do persoal investigador	80
Artigo 12. Dereitos do persoal investigador	80
Artigo 13. Deberes do persoal investigador	80
TÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN	80
Artigo 14. Órganos do Instituto Universitario	80
Capítulo 1. Órganos colexiados	81
Sección 1ª: Xunta directiva	81



Artigo 15. Composición	81
Artigo 16. Cesamento das persoas integrantes	81
Artigo 17. Funcións	82
Sección 2ª. Comisión científica	82
Artigo 18. Composición	82
Artigo 19. Cesamento das persoas integrantes	82
Artigo 20. Funcións	83
Capítulo 2. Órganos unipersonais	83
Sección 1ª. Dirección	83
Artigo 21. A dirección	83
Artigo 22. Nomeamiento, mandato e cesamento	83
Artigo 23. Competencias	84
Sección 2ª. Secretaría	85
Artigo 24. A secretaría	85
Artigo 25. Nomeamiento, mandato e cesamento	85
Artigo 26. Competencias	85
Capítulo 3. Régimen de funcionamiento da xunta directiva e da comisión científica	86
Artigo 27. Régime e convocatoria das sesións	86
Artigo 28. Orde do día das sesións	86
Artigo 29. Quórum	87
Artigo 30. Adopción de acordos	87
Artigo 31. Certificacións de acordos	87
Artigo 32. Actas das sesións	87
Capítulo 4. Dereitos e deberes do persoal da xunta directiva e da comisión científica	88
Artigo 33. Dereitos	88
Artigo 34. Deberes	88
Capítulo 5. Consello asesor externo	88
Artigo 35. Definición	89
Artigo 36. Nomeamiento	89
Artigo 37. Funcionamento	89
Artigo 38. Funcións	89
TÍTULO IV. ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DOCENTE DO INSTITUTO	89
Artigo 39. Actividade investigadora	89
Artigo 40. Actividade docente	90
TÍTULO V. FINANCIACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA	90
Artigo 41. Financiación	90
Artigo 42. Xestión económica	91
TÍTULO VI. SEGUIMENTO E CONTROL	91
Artigo 43. Memoria anual	91
Artigo 44. Plan cuadrienal	92
TÍTULO VII. REFORMA DO REGULAMENTO	92
Artigo 45. Iniciativa de reforma	92
Artigo 46. Aprobación da reforma	92
DISPOSICIÓN TRANSITORIA	92
DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR	93



PREÁMBULO

A Universidade de Vigo define os institutos de investigación como «unidades de investigación supragrupal, en que participa persoal da Universidade de Vigo ou doutras universidades ou institucións, con vocación de permanencia e de converterse en referencia no seu ámbito, que integrarán investigadores/as de recoñecida competencia, especializados nun campo de interese estratéxico para a Universidade de Vigo, proxectando unha imaxe de excelencia académica, con repercusión social e impacto económico na súa contorna».

Os institutos, entendidos como unidades de I+D+I no que as persoas que forman parte desenvolven actividades con obxectivos moi concretos, transfieren á sociedade un valor engadido detrás da investigación realizada, de ahí a necesidade de impulsar unha investigación en xustiza e xénero que logre a igualdade no mundo xurídico dende todos os enfoques posibles.

Se ben é certo que o modelo tradicional feminino de apego ás responsabilidades familiares, a desocupación de postos de responsabilidade e o patriarcado están presente na sociedade, nos últimos anos sufriu un proceso de cambio que deixou pegada na nosa historia, de ahí que ás universidades, e máis concreto nas facultades do ámbito xurídico-social de Galicia, sexa necesario impulsar a creación destos institutos para lograr combater os estereotipos nocivos de xénero que debilitan o noso sexo, matiz que xa fora posto de manifesto na Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero no artigo 4.7 “*Las Universidades incluirán y fomentarán en todos los ámbitos académicos la formación, docencia e investigación en igualdad de género y no discriminación de forma transversal*”

Para iso a Universidade de Vigo, no seu Regulamento de creación e de xestión dos institutos de investigación, aprobado polo Claustro o 17 de decembro de 2021, propón a creación dunha normativa específica que regule a estructura e organización de cada un dos instituto universitarios de investigación da Universidade.

Co fin de logralo, débese aportar un proxecto de Regulamento de réxime interno, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade, adaptado ó presente Regulamento, no que se establezca con detalle a organización, creación, modificación, supresión e xestión dos institutos universitarios.

A continuación maniféstase de manera precisa todos os requerimentos da proposta de Regulamento do Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero da Universidade de Vigo.



• TÍTULO I •

NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO, OBXECTIVOS E FUNCIÓN

Artigo 1. Natureza e constitución

O Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero da Universidad de Vigo (en adiante IXEX), ubicado na facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo (campus Vigo, As Lagoas, Marcosende), é un instituto propio de carácter multidisciplinar cunha finalidade clara de investigación, innovación científica e transferencia de coñecementos con perspectiva de xénero dende un aspecto integrador.

Enfocado prevalentemente ó ámbito xurídico, máis tamén ao social, e con diversas áreas de coñecemento, as súas liñas de investigación e diversos estudos teñen un nexo en común, dirixir a epistemoloxía xurídica feminista sempre dende o enfoque do xénero.

Corresponde a Xunta de Galicia a creación, mediante decreto, dos institutos universitarios de investigación, atendendo a criterios de excelencia científica, técnica ou artística e da sua conveniencia estratégica para o desenvolvemento económico e social de Galicia, sen prexuízo do disposto na normativa básica estatal.

O acordo de creación contemplará os aspectos seguintes: a denominación, os centros e institucións participantes e, no seu caso, as condicións da participación das administracións públicas.

Artigo 2. Réxime xurídico

O IXEX da Universidad de Vigo ten a condición de Instituto Universitario de Investigación.

Réxese polo establecido na Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades (artigos 4.2 e 7), pola Lei 6/2013 ou norma que a substitúa, pola Orde do 26 de marzo de 2021 pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia, polo Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro polo que se aproba o Estatuto da Universidad de Vigo (artigo 49) ou das universidades que o integren no caso de ser interuniversitario, polo convenio de creación ou adscrición, no seu caso, polos acordos do Consello de Goberno, polo seu regulamento de réxime interno, polo Plan de Igualdade 202/2024 da Universidad de Vigo e incorpora o protocolo para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros e grupos de investigación.



As resolución do reitor/a ou persoa en quen delegue, Consello Social, Consello de Goberno e Claustro agotan a vía administrativa polo que poderanse recurrir ante os tribunais de xustiza correspondentes.

As resolucións do resto dos órganos non agotan a vía e poderá interporse recurso de alzada ante o reitor/a.

Artigo 3. Obxectivos

O instituto ten como obxectivo lograr a especialización da investigación e transferencia de coñecemento en materia de xustiza e xénero, promovendo una estructuración e organización de competencias multidisciplinarias que poña en relación non só a Universidade de Vigo, senón que satisfaga as necesidades da sociedade e do territorio.

Son obxectivos específicos do Instituto:

- Combater a invisibilización das mulleres.
- Impulsar un sistema xudicial que se adapte á actualidade e que teña presente a perspectiva de xénero con independencia dos supostos de democracia representativa.
- Introducir o enfoque de xénero na mediación a cal non está permitida en casos de violencia de xénero.
- Loitar contra a desigualdade, discriminación e violencia de xénero.
- Lograr a feminización da xustiza.
- Combater a brecha dixital mediante o estudo da temática da intelixencia artificial e como isto incide na escasez de mulleres no ámbito científico, tecnolóxico, matemático e na enxeñería.
- Considerar a necesidade de estudar a política fiscal con perspectiva de xénero como forma de impulsar a igualdade no acceso ó emprego, distribución más equitativa dos recursos e da riqueza así como equiparar a presión fiscal.
- Reflexionar e investigar sobre como erradicar a violencia de xénero propondo solucións dirixidas ós poderes públicos para mellorar a convivencia común.
- Posta en marcha de medidas integrais contra a violencia sexual, prevención e garantía dos dereitos das vítimas.
- Formación do profesorado en todos os niveis, ó persoal de administración e servizos e o alumnado con contidos de prevención contra a violencia sexual, sensibilización e detención, con mención especial na contorna dixital.
- Realizar investigación específica sobre materias de xusticia e xénero e impartir cursos, congresos ou seminarios neste ámbito.



- Contribuir ao desenvolvemento de coñecementos multidisciplinarios e a impulsar a súa divulgación.
- Impulsar convenios de colaboración con outras entidades, universidades nacionais ou internacionais.
- Formar investigadores/as en estudos de xénero.
- Fomentar a creación de grupos de investigación específicos.
- Emitir informes, impulsar a creación de normativa específica e realizar actividades de asesoramento en perspectiva de xénero dende un punto de vista xurídico.

Artigo 4. Funcións

O instituto programará e organizará as seguintes actividades con fin de lograr cumplir os obxectivos descritos no artigo anterior.

- Encontros nacionais, internacionais e interuniversitarios, conferencias, coloquios, debates inter universitarios, seminarios ou simposios de expertos en estudos de xustiza e xénero.
- Organizar programas de investigación científica e técnica no ámbito de xénero.
- Impulsar e divulgar todas as actividades de investigación do IXEX á sociedade.
- Promover contratos co fin de realizar traballos de investigación, traballos científicos, de informes e asesoría con persoas físicas ou entidades públicas ou privadas.
- Elaborar publicacións, revistas e libros con carácter periódico que abarquen diversas liñas de investigación relacionadas con obxectivos descritos con anterioridade.
- Repositorio e posta a disposición de documentación e recursos necesarios para o persoal e grupos de investigación do instituto así como a supervisión da súa dedicación.
- Elaboración e difusión da colección Xustiza e Xénero.
- Creación e mantemento de bases de datos sobre xénero e a súa propia biblioteca.
- Asesoramento científico e técnico sobre a investigación realizada a entidades e colaboración coa comunidade universitaria.
- Colaborar en programas financiados polas Administracións Públicas ou outras entidades públicas ou privadas.
- Colaborar e participar en Programas Internacionais e Nacionais sobre a materia.
- Impulsar a realización de actividade docente específica en materia de xénero a través da creación de posgraduados.
- Outras actividades que garden relación cos obxectivos do instituto.

• TÍTULO II •

PERSOAS INTEGRANTES E COLABORADORAS DO INSTITUTO

Capítulo 1. Composición

Artigo 5. Persoas integrantes do Instituto

O Instituto estará formado por:

- a. O persoal docente e investigador doutor vinculado a tempo completo á Universidade de Vigo e vinculado ao instituto.
- b. O persoal investigador doutras institucións adscritos á Universidade de Vigo mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co instituto.
- c. O persoal investigador contratado específicamente con cargo a programas ou proxectos de investigación desenvoltos polo Instituto.
- d. O persoal investigador en formación matriculado nalgún programa de doutoramento da Universidade de Vigo que conte coa dirección ou codirección dun investigador/a vinculado/a ao Instituto,
- e. O persoal investigador cunha traxectoria profesional acreditada no ámbito de estudio do Instituto que colabore nalgún proxecto ou programa a tempo completo.
- f. O persoal de administración e servizos adscritos ao instituto do cadro de persoal da universidade ou contratado para programas específicos de investigación.

Artigo 6. Persoas honorarias

1. O Instituto poderá atribuír a condición de honorarias a persoas de recoñecido prestixio que destaque polas súas investigacións nos estudos sobre xustiza e xénero.
2. Estas persoas honorarias non terán a condición de integrantes do Instituto.



Artigo 7. Persoas colaboradoras externas

1. O Instituto poderá colaborar con persoas externas relacionadas co ámbito de estudo do mesmo.
2. As persoas colaboradoras externas non terán a condición de persoal integrante do Instituto.

Artigo 8. Entidades colaboradoras

O Instituto poderá levar a cabo acordos e convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Estas entidades colaboradoras non terán a condición de integrantes do Instituto.

Capítulo 2. Incorporación e cesamento do persoal investigador

Artigo 9. Procedemento de incorporación de integrantes

1. Inicialmente formará parte do instituto o persoal recollido na memoria de creación do mesmo.
2. O proceso de incorporación iniciarase por solicitude da persoa interesada, avalada por dúas persoas investigadoras integrantes do Instituto.

A solicitude deberá ir acompañada de:

- a. O curriculum vitae, onde se exprese a actividade investigadora desenvolta e a súa relación coas competencias e liñas de investigación do instituto.
 - b. O informe do departamento ao que esté vinculada a persoa solicitante, de ser o caso.
3. Para formar parte do instituto deberá cumplirse algún dos seguintes requisitos:
 - a. Participar nalgún dos traballos de investigación aprobados polo Instituto.
 - b. Formar parte do persoal docente ou investigador da Universidade de Vigo e desenvolver de forma habitual traballos de investigación nas materias propias do instituto.
 - c. Participar na organización e realización de actividades docente ou de formación impartidos ou desenvoltos polo Instituto.

4. A solicitude será aprobada pola comisión científica, tras o informe previo do consello asesor externo, atendendo a criterios de méritos de investigación e idoneidade.

Unha vez aprobada, será remitida á Xunta directiva para a súa ratificación.

5. Na evaluación dos méritos das persoas investigadoras que soliciten a súa incorporación ao Instituto, estas non poderán verse perjudicadas polo tempo dedicado ao cuidado de fillos/as menores de seis anos, familiares que non poidan valerse por si mesmos ou a atención psicolóxica por sufrir violencia de xénero.

6. A solicitude aprobada comunicarase á vicerreitoría competente en investigación.

Artigo 10. Condicóns de incorporación do persoal investigador

1. O persoal investigador incorporado ao Instituto asumirá un compromiso de vinculación mínimo de tres anos.
2. O persoal investigador só poderá vincularse formalmente a un instituto.
3. A actividade de investigación e as producións de investigación e de transferencia, para os efectos de filiación e de valoración de indicadores, estarán vinculadas ao instituto. No caso de estar adscrito a unidades académicas ou de investigación, poderá facerse visible a súa filiación complementariamente a estas.
4. Excepcionalmente poderá considerarse a vinculación ao instituto con dedicación parcial cando a súa contribución sexa determinante para incorporar capacidades disciplinares de interese para o desenvolvemento do instituto e a súa axenda científica.

Nestes casos, a persoa poderá compaxinar a súa pertenza a dous institutos, repartíndose os seus méritos ao 50%, pero non poderá exercer a dirección de ningún deles.

Artigo 11. Cesamento do persoal investigador

1. Poderán instar a desvinculación do persoal investigador a comisión científica, o consello asesor externo, a dirección ou a propia persoa interesada.
2. A desvinculación do persoal investigador do instituto terá lugar polas seguintes causas:
 - a. Decisión da persoa interesada. Neste caso, deberá garantir o cumprimento dos compromisos e obrigas contraídas.
 - b. Perda dos requisitos esixidos para incorporarse.
 - c. Incumprimento reiterado dos compromisos e obrigas recollidas neste regulamento.
 - d. Incumprimento dos deberes establecidos nos Estatutos da Universidade e normativa aplicable.



3. O cesamento do persoal investigador do Instituto será aprobado pola comisión científica, tras o informe previo do consello asesor externo, e ratificado pola xunta directiva, e deberá resolverse no prazo de seis meses dende a presentación da instancia.

Capítulo 3.

Dereitos e deberes do persoal investigador

Artigo 12. Dereitos do persoal investigador

O persoal investigador do Instituto terá os seguintes dereitos:

- a. Uso das instalacións, materiais e servizos propios da Universidade ao servizo do instituto, dacordo coa regulación que estableza a xunta directiva.
- b. Propoñer á comisión científica a solicitude de axudas e subvencións, dentro do programa de investigación do Instituto .
- c. Formar parte dos órganos colexiados do Instituto, segundo as disposicións deste Regulamento.
- d. Os recoñecidos nos Estatutos da Universidade e nas normas xerais de aplicación.

Artigo 13. Deberes do persoal investigador

Son deberes do persoal investigador do Instituto os seguintes:

- a. Cumprir coas obrigas contraídas co Instituto.
- b. Indicar nas publicacións e comunicacións científicas a pertenza ao Instituto e á Universidade de Vigo.
- c. Os establecidos nos Estatutos da Universidade e nas normas xerais de aplicación.

• TÍTULO III •

ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 14. Órganos do Instituto Universitario

O Instituto estará composto dos seguintes órganos:

- a. Órganos colexiados: xunta directiva e comisión científica.
- b. Órganos unipersoais: dirección e secretaría.

Capítulo 1. Órganos colexiados

Sección 1ª: Xunta directiva

Artigo 15. Composición

1. A xunta directiva do instituto estará composta por:
 - a. Persoa titular da reitoría, ou vicerreitoría en quen delegue, que a presidirá e convocará.
 - b. Unha persoa vogal en representación do Consello Social da Universidade de Vigo.
 - c. Unha persoa vogal en representación do persoal investigador vinculado ao instituto.
 - d. Unha persoa vogal en representación do persoal do instituto que non sexa persoal investigador vinculado.
 - e. Representantes das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao funcionamento ou á actividade do instituto, se houbese.
 - f. Persoa titular da dirección do instituto.
 - g. Persoa titular da secretaría do instituto, que o será tamén da xunta directiva.
2. O persoal universitario deben ser a maioría da xunta directiva.
3. Na súa composición procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 16. Cesamento das persoas integrantes

O persoal da xunta directiva cesarán no seu cargo polas seguintes causas:

- a. Fin do mandato.
- b. Renuncia.
- c. Perda da condición debido a cal forman parte.
- d. Faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas ás reunións.



Artigo 17. Funcións

Corresponde á xunta directiva:

- a. Aprobar a elección da directora ou director do instituto a proposta da comisión científica e, de darse o caso, propor o seu cese á persoa reitora, mediante o acordo adoptado pola maioría absoluta das persoas que o integran.
- b. Aprobar a proposta de orzamento e a programación do instituto.
- c. Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica, da que se lle dará conta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
- d. Promover o financiamento e a dotación do instituto.
- e. Enviar ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo a proposta da incorporación á xunta directiva do instituto de novas e novos integrantes, en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas.
- f. Enviar a proposta da modificación do regulamento de réxime interno do instituto ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo

Sección 2ª. Comisión científica

Artigo 18. Composición

1. A comisión científica estará integrada por:
 - a. A persoa titular da dirección do instituto, que a presidirá e convocará.
 - b. A persoa titular da secretaría, que o será tamén da comisión científica.
 - c. Unha representación equivalente ao 25% do total do persoal investigador permanente vinculado ao instituto.
 - d. Unha representación do persoal investigador non permanente e en formación vinculado ao instituto equivalente ao 15% do total da comisión.
2. Na súa composición procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 19. Cesamento das persoas integrantes

As e os integrantes da comisión científica cesarán no seu cargo polas seguintes causas:

- a. Fin do mandato.
- b. Renuncia.
- c. Perda da condición debido a cal forman parte.
- d. Faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas ás reunións.



Artigo 20. Funcións

Corresponde a comisión científica:

- a. Propoñerlle á xunta directiva a persoa que exerza a dirección do instituto.
- b. Aprobar o ingreso de novo persoal investigador do instituto e o seu cesamento. O acordo correspondente deberá contar co informe previo do consello asesor externo e deberá ser ratificado pola xunta directiva do instituto.
- c. Preparar as propostas de programas, orzamento e memoria económica e de actividades do instituto.
- d. Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do instituto e a vixilancia da súa realización.
- e. Informar dos contratos do instituto ou do seu profesorado.
- f. Asesorar á dirección do instituto.
- g. Elaborar a proposta de regulamento de réxime interno, así como as súas modificacións, para a súa aprobación polo Consello de Goberno.
- h. Outras funcións que lle poida encomendar a xunta directiva.

Capítulo 2. Órganos unipersonais

Sección 1ª. Dirección

Artigo 21. A dirección

A persoa titular da dirección do Instituto ostenta a representación do mesmo e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste

Artigo 22. Nomeamento, mandato e cesamento

1. O director ou directora será elixido/a por maioría absoluta da xunta directiva tras a proposta da comisión científica.

Se ningunha persoa consegue a maioría esixida, realizarase unha segunda votación á cal só poderán concorrer as dúas más apoiadas na primeira volta. Na segunda volta elixirase a persoa que obteña a maioría simple de votos.



Non obstante, a primeira persoa que exerza o cargo será nomeada directamente por reitoría como director/a comisario/a no momento de crearse o instituto, co fin de constituir a primeira xunta directiva.

2. Só pode ser elixido para o cargo de dirección o persoal investigador doutor vinculado a tempo completo.
3. O mandato terá unha duración de tres anos e poderá desempeñar o cargo un máximo de dous mandatos consecutivos.
4. O cesamento da persoa titular da dirección será proposto á reitoría por acordo da maioría absoluta do persoal da xunta directiva.
5. Terá lugar o cesamento do director ou directora polas seguintes causas:
 - a. Fin do mandato.
 - b. Decisión propia.
 - c. Perda das condicións para ser elixido/a.
 - d. Remoción acordada por maioría absoluta da xunta directiva.
 - e. Demais causas establecidas no Estatuto da Universidade de Vigo e nas leis.
6. En caso de vacante, ausencia temporal ou enfermidade, será sustituido pola persoa titular da secretaría.

Artigo 23. Competencias

Corresponde á persoa titular da dirección do Instituto:

- a. Convocar e presidir a comisión científica, a execución dos seus acordos e a súa representación perante o Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
- b. Representar o instituto no ámbito da súa competencia.
- c. Executar os acordos adoptados polo consello do instituto e velar polo seu cumprimento.
- d. Organizar e coordinar, de conformidade co consello, os medios persoais e materiais de que se cumpran os obxectivos do instituto.
- e. Elaborar as propostas de orzamento e a programación do instituto.
- f. Presentar a memoria de actividades e a memoria económica.
- g. Propoñer á persoa reitora o nomeamento da secretaria ou secretario.
- h. Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.

- i. Todas as tarefas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno.
- j. Outras funcións encomendadas pola Xunta directiva.

Sección 2ª. Secretaría

Artigo 24. A secretaría

A persoa que ostente a secretaría do instituto dará fe dos actos administrativos e dos acordos dos órganos de goberno do instituto.

Artigo 25. Nomeamento, mandato e cesamento

1. A persoa titular da secretaría do instituto será proposta pola dirección e nomeada pola reitoría.
2. Poderá ser elixida secretaria ou secretario o persoal de investigación vinculado ao instituto ou o funcionariado dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no instituto.
3. O seu mandato terá a mesma duración que a do director/a que fixo a proposta, cun máximo de dous consecutivos.
4. A persoa titular da secretaría cesará no seu cargo polas seguintes causas:
 - a. Fin do mandato.
 - b. Renuncia.
 - c. Decisión da dirección.
 - d. Finalización do mandato da directora ou director que a propuxo.
 - e. Demais causas establecidas no Estatuto da Universidade de Vigo e nas leis.
5. No caso de vacante, ausencia temporal ou enfermidade, será sustituida pola persona integrante do Instituto con vinculación permanente que designe a dirección.

Artigo 26. Competencias

Corresponde á secretaría do Instituto:

- a. Elaborar e custodiar as actas dos órganos colexiados do instituto.
- b. Enviar as convocatorias das reunións dos órganos colexiados do instituto.
- c. Expedir as certificacións.



- d. Levar o rexistro e custodiar o arquivo.
- e. Recibir a documentación dirixida aos órganos do instituto e remitila a quen corresponda.
- f. Outras funcións encomendadas pola dirección.

Capítulo 3.

Réxime de funcionamento da xunta directiva e da comisión científica

Artigo 27. Réxime e convocatoria das sesións

1. A xunta directiva reunirase en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano. Tamén se poderá reunir en sesión extraordinaria.
A comisión científica reunirase como mínimo 2 veces ao ano en periodo lectivo.
2. As sesións dos órganos colexiados serán convocadas e presididas pola súa presidencia; no caso da xunta directiva, o reitor ou reitora, e no caso da comisión científica, a persoa titular da dirección.
3. A convocatoria deberá conter a orde do día e será posta a disposición do seu persoal por vía electrónica cunha antelación mínima de 48 horas, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente, que poderá reducirse a 24 horas.
4. A documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición das e dos integrantes do órgano en formato electrónico nos mesmos prazos sinalados no parágrafo anterior, sempre que sexa posible. En todo caso, esta documentación tamén poderá ser consultada, no mesmo prazo, na Secretaría do Instituto.

Artigo 28. Orde do día das sesións

1. A orde do día será fixada por quien exerce a presidencia do órgano do que se trate, tendo en conta as peticións das demais persoas integrantes formuladas con suficiente antelación.

A presidencia incluirá obligatoriamente na orde do día os temas presentados por escrito, con suficiente antelación, por un mínimo do 10% das persoas que componen o órgano.

2. Durante a celebración da sesión, a orde do día só pode ser alterada por acordo da maioría absoluta das persoas asistentes.

Artigo 29. Quórum

Para a válida constitución do órgano deben estar presentes en primeira convocatoria a mayoría absoluta das persoas integrantes, e en segunda convocatoria, media hora más tarde, un terzo das mesmas.

En todo caso, requírese a asistencia das persoas titulares da presidencia e da secretaría do órgano.

Artigo 30. Adopción de acordos

1. Os acordos dos órganos colexiados do Instituto serán adoptados por mayoría simple dos e das asistentes, sen prexuízo das maiorías especiais previstas neste regulamento e na normativa de aplicación.
2. Non se poden adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que estén presentes todas as persoas que componen o órgano e sexa declarada a urgencia polo voto favorable da mayoría absoluta.
3. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada ou necesariamente secretas cando afecten nominalmente a persoas ou o solicitante algunha das persoas asistentes.
4. Non se admite a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
5. No caso de empate, o voto do presidente do órgano será dirimente.

Artigo 31. Certificacións de acordos

1. Só darán fe dos acordos e propostas dos órganos colexiados do Instituto as certificacións expedidas pola secretaría.
2. As certificacións poderán expedirse:
 - a. de oficio.
 - b. por requerimento dos órganos de goberno da Universidade, dos órganos das administracións públicas ou de órganos xudiciais no exercicio das súas competencias.
 - c. a instancia de calquera persoa interesada, en cuxo caso o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos e propostas.
3. Nas certificacións de acordos adoptados, emitidos con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 32. Actas das sesións

1. A persoa que ostente a secretaría do órgano levantará acta de cada sesión. Deberá especificar necesariamente as persoas asistentes, a orde do día, lugar e data, os puntos principais das deliberación e o contido dos acordos adoptados.



2. Na acta figurará, a solicitude do persoal que o integra, o voto en contrario, a abstención e motivos que o xustifiquen ou o sentido do voto favorable.
3. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o Secretario certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
4. A acta será asinada pola persoa secretaria co visto e prace do/a presidente/a do órgano.
5. A efectos de cómputo de asistencia, considerarase excusada a asistencia por razón de enfermidade, viaxes autorizados e actividades docentes do Instituto ou da Universidade.

Capítulo 4.

Dereitos e deberes do persoal da xunta directiva e da comisión científica

Artigo 33. Dereitos

As persoas integrantes dos órganos colexiados do Instituto terán os seguintes dereitos:

- a. Asistir con voz e voto ás reunións do órgano do que forme parte.
- b. Recabar e recibir a información e documentación necesarias en relación coas actividades do Instituto.
- c. Presentar propostas para o seu debate e aprobación.
- d. Coñecer coa debida antelación os asuntos e propostas incluidas na orde do día das sesións.

Artigo 34. Deberes

As persoas integrantes dos órganos colexiados do Instituto terán o deber de:

- a. Asistir ás sesións do órgano.
- b. Gardar o debido sixilo das deliberacións internas.
- c. Non utilizar os documentos que lles foron facilitados para fins distintos daqueles para os que foron entregados.

Capítulo 5.

Consello asesor externo

Artigo 35. Definición

O consello asesor externo é un órgano asesor integrado por expertos e expertas de prestixio no ámbito de actuación do instituto.

Artigo 36. Nomeamento

As persoas integrantes do consello asesor externo serán designadas pola reitora ou reitor a proposta da xunta directiva do instituto, por un periodo de catro anos renovables.

Artigo 37. Funcionamento

O seu réxime de funcionamento será establecido pola xunta directiva.

Artigo 38. Funcións

Serán funcións do consello asesor externo:

- a. Asesorar á xunta directiva e á dirección do instituto sobre a orientación da investigación que se vai desenvolver no instituto, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- b. Asistir á dirección e á xunta directiva sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- c. Avaliar periodicamente a actividade de I+D+i dos grupos do persoal investigador vinculado co instituto, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- d. Informar sobre o interese da vinculación de novas persoas investigadoras ao instituto.

• TÍTULO IV •

ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DOCENTE DO INSTITUTO

Artigo 39. Actividade investigadora

O Instituto impulsará o desenvolvemento da actividade investigadora de todas as persoas integrantes e grupos de investigación.



Para tal fin:

- a. Promoverá a concurrencia do persoal investigador ás convocatorias nacionais e internacionais e redes de investigación.
- b. Promoverá a pertenza do persoal investigador a asociacións científicas e académicas.
- c. Fomentará o establecemento de convenios e contratos para percibir axudas e subvencións.
- d. Propiciará os medios axeitados de promoción, difusión e publicación das investigacións desenvoltas.

Os contratos para a realización de traballos de carácter científico rexiranse pola normativa da Universidade.

Artigo 40. Actividade docente

As funcións docentes do Instituto poderán comprender:

- a. Ensinanzas complementarias ás impartidas polos distintos departamentos.
- b. Estudos e disciplinas de terceiro ciclo.
- c. Realización de traballos de fin de estudios e teses doutorais.
- d. Cursos de especialización.
- e. Cursos de formación permanente.

O Instituto poderá propor a realización de estudos propios da Universidade e de posgrado para a formación de especialistas, que den cabida a todas as liñas de investigación desenvoltas polo mesmo.

• TÍTULO V •

FINANCIACIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA

Artigo 41. Financiación

1. O Instituto tenderá a autofinanciarse.
2. As fontes de financiación do Instituto serán as seguintes:

- a. Os fondos que se consigne no presupuesto da Universidade para dotar ó Instituto dos medios materiais necesarios que garanticen o desenvolvemento de sua actividade.
- b. Os custes indirectos correspondentes os seus proxectos, convenios e contratos de investigación na porcentaxe que se dispoña no presupuesto da Universidade.
- c. Os ingresos que se xeren coas actividades propias do Instituto.
- d. As subvencións e doazóns que reciba dacordo coa lexislación vixente.
- e. As aportacións de entidades públicas e privadas coas que suscriba convenios de colaboración ou contratos.

Artigo 42. Xestión económica

1. A xestión económica e patrimonial do Instituto será realizada polo persoal administrativo dacordo co previsto na normativa de xestión presupostaria da universidade.
2. Corresponde á xunta directiva aprobar a proposta de orzamento do Instituto.
3. A dirección do Instituto informará, anualmente, á xunta directiva do estado de execución do presupuesto do Instituto.

• TÍTULO VI • SEGUIMENTO E CONTROL

Artigo 43. Memoria anual

1. Con carácter anual, o Instituto deberá elaborar unha memoria de actividades e unha memoria económica para a súa avaliación e seguimento polos órganos de goberno.
2. A memoria de actividades conterá a actividade investigadora e docente e de producción científica e difusión desenvolta polo instituto, indicando o grao de satisfacción coas mesmas e de consecución dos obxectivos fixados.

Na memoria económica faranse constar os recursos económicos empregados e a financiación obtida.

3. Corresponde á xunta directiva a aprobación da memoria anual, da que se lle dará conta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo.



Artigo 44. Plan cuadrienal

1. O Instituto deberá elaborar un plan cuadrienal que guiará a súa actividade.
2. No plan cuadrienal farase referencia ás liñas de investigación que se van tratar no instituto, os obxectivos propostos e as actividades que se van a desenvolver para acadalos, así como os indicadores que se terán en conta para avaliar o grao de cumprimento dos mesmos.

Tamén conterá unha estimación dos recursos económicos que se vaian empregar e os obxectivos de financiación que se esperan obter.

3. O plan cuadrienal será avaliado polo consello asesor externo.

• **TÍTULO VII •**

REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 45. Iniciativa de reforma

A iniciativa para reformar o presente regulamento corresponde:

- a. A dirección.
- b. A un 25 %, polo menos, das persoas integrantes do instituto.

Artigo 46. Aprobación da reforma

1. Corresponde á comisión científica a elaboración da proposta de modificación do regulamento interno.
2. A xunta directiva enviará a proposta de reforma ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Unha vez aprobada a creación do Instituto, a reitoría nomeará de entre o persoal investigador integrante do Instituto a unha directora ou director comisaria/o, co fin de constituir os órganos de goberno do instituto, que non poderá superar os tres anos.



DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da Universidade de Vigo.